



Labouras agrícolas

O liño

U R D I R

Urdir é a operación que cronolóxicamente antecede á de tecer. Consiste en preparar os fíos para ser tecidos; isto é, paralelos entre si e separados nas dúas series que descendendo ou subindo cada unha alternativamente fan o entrecruzamento da trama que pasa entre elas. Dalgún xeito é preciso describer o funcionamento básico do tear para poder entender o proceso de urdir.

Os utensilios precisos para urdir son a urdideira, unha espadela e un noveleiro ou caixón con doce compartimentos.


A urdideira que sempre se empregou nestas terras é a



Foto: **Carlos G. Hervella**

chamada “movil”, que é un aparello formado por un eixo central disposto en forma vertical e fixado na parte superior, polo xeral, a unha trabe, e na inferior a unha táboa plana que serve de apoio estábel. Ademais, está formada por dous pares de brazos horizontais en cruz, xunguidos entre si por catro largeiros verticais. Un dos brazos superiores ten cravados lateralmente tres tornos (paus) duns vinte cms. de longo, que serán os que nos sirvan para facer a cruz do tear. Do mesmo xeito, nun dos largueiros verticais, e na súa parte inferior, terá igualmente outros tres tornos que servirán para facer a cruz dos cadillos.

A espadela para urdir, como o seu nome indica, é unha espa-



Xeito de fague-la cruz na urdideira. X. Lorenzo. Historia de Galicia II.

dela con doce furados dispostos de forma horizontal na súa parte central. Por cada un deles pasaremos un fio, que ademais de servirnos de guía, será onde os cruzaremos cos dedos pulgar e índice para logo traspasar ese cruzamento aos tornos da urdideira.

Noveleiro ou caixón con doce compartimentos, será o lugar onde depositaremos os nove-

los, e será o encargado de que non se xunten.

Antes de comezar a urdir colocaremos os novelos no caixón, collendo a punta de cada un deles para pasalos por cada un dos furados da espadela. Pasadas as doce puntas pola espadela xúntanse todos e átanse. De seguido sepáranse seis fíos para cada lado e enfiáanse no primeiro torno, arriba e a esquerda, dándolle sobre éste dúas voltas para fixalo mellor. De seguido, cos fíos xa inmovilizados, levamos os dedos á punta da espadela, agarrada coa man esquerda, separaremos cos dedos pulgar e índice da man dereita os doce fíos en dous grupos de seis, cruzándoos un a un, alternativamente. O primeiro fio que haxa nun extremo da espadela pasa sobre o pulgar e sobre o índice, e así sucesivamente todos. Unha vez rematado o entrecruzamento dos fíos na espadela pasaranse os tornos da urdideira onde se arma a cruz do tear, poñendo os fíos do dedo pulgar no torno do medio e os do índice de fora.

De seguido, o fíos lévanse longitudinalmente de torno a torno e de largueiro a largueiro en varias voltas, segundo a






Foto:
Carlos G. Hervella



Urdideira, espalladeira e barcal para urdi-lo fío.

X. Lorenzo. *Historia de Galicia II.*

tea que se queira confeccionar, até chegar ao último torno inferior do largueiro direito onde se fai a cruz dos cadillos cruzándose ao descender, pasando o conxunto dos fíos polo lado direito do torno do medio, e dobrando sobre o último, para pasar ao subir polo lado esquerdo de aquel.

A función da cruz dos cadillos é a de individualizar os fíos un a un para logo permitir a súa distribución perfectamente alineada e ordenada ao longo do restrelo no momento de montar a teada.

No momento de urdir, a muller que o está facendo terá que ir de largueiro a largueiro tantas veces como a teada o

requira e repetir o proceso de acordo co largo que se queira a teada, isto é, se a teada ten dez cadillos (un cadillo é o conxunto dos vinte e catro fíos que entran en cada volta completa, doce ao baixar e doce ao subir), terá que repetir a operación dez veces.

Ao rematar de urdir, as puntas son atadas cun fío que pasa no lugar dos tornos da cruz do tear e da dos cadillos co fin de que non se desfagan os cruzamentos. De seguido, a teada é retirada da urdideira para o que unha persoa solta dos tornos respectivos a punta superior e outra axuda asegurando nas máns o feixe dos fíos urdidos cos que vai formando

unha trenza encadeada até chegar ao final, onde tamén se ata para que non se desfaga a trenza.

Antes de sacar os fíos da urdideira, cumpre que os marquem en cada un dos largueiros que forman a urdideira cunha berza, que ten un tinte que non dana o fío, e que lle servirá posteriormente á tecedeira para saber as varas de lenzo que leva tecidas (unha vara equivale aproximadamente a 1mt).

Este delicado traballo tan só o poderan facer mans moi espertas, xa que a parte de non ser un labor doado, require moito tento para logo non ter dificultades á hora de tecer a teada.

A cadea, para leva-lo fío da urdideira ó tear. **X. Lorenzo.** *Historia de Galicia II.*

